

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 1 DE XUÑO DE 2026,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

**DECRETOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Decreto polo que se dispón o cese de Javier Arias Fouz como delegado territorial da Xunta en Lugo.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Lugo a Alfonso Villares Bermúdez.
- Decreto polo que se dispón o cese de Agustín Reguera Ocampo como delegado territorial da Xunta en Pontevedra.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta en Pontevedra a Pablo Fernández López.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Decreto polo que se dispón o cese de María Quintiana Pérez como directora xeral de Promoción da Igualdade.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Promoción da Igualdade a Eloína Ingerto López.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se dispón o cese de José Ramón Parada Jorgal como xerente do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea xerente do Servizo Galego de Saúde a Luis Ángel León Mateos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se nomea director xeral de Atención Primaria e Comunitaria a Salvador Mariño-Ageitos Monteagudo.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Decreto polo que se dispón o cese de Pablo Fernández López como secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa privada de Alto de Castiñeira, entre os concellos de Ribadavia e Cenlle (Ourense).

### CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón o cese de José Antonio Álvarez Vidal como presidente de Portos de Galicia.

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma de razón da actualización do Protocolo da Xunta de Galicia para actuacións no ámbito deportivo federado ante alertas meteorolóxicas.
- Acordo polo que se autoriza o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Piragüismo para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do Complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, Pontevedra, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente gasto de carácter plurianual, respecto da convocatoria de dúas bolsas de formación dirixidas a persoas cun título universitario oficial de grao ou equivalente en Dereito, para facilitar a especialización en políticas e dereito da Unión Europea, mediante a realización de prácticas en asuntos comunitarios na oficina da Fundación Pública Galicia Europa en Bruxelas, Bolsas Galicia Europa, e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada, polo importe total de trinta e cinco mil seiscientos corenta e tres euros con doce céntimos (35.643,12 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación da concesión de servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada XG847. Comarca da Barbanza, cun orzamento base de licitación de trece millóns cincocentos cincuenta e oito mil novecentos oitenta e un euros con cincuenta e nove céntimos (13.558.981,59 €) e un valor estimado de corenta e nove millóns trescentos oitenta e seis mil corenta e dous euros con setenta e catro céntimos (49.386.042,74 €).

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Gallega de Asociacións en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual o del Desarrollo (Fademga Plena Inclusión Galicia), para o financiamento dos programas de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e ás súas familias, e do mantemento de Fademga Plena Inclusión Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2026. Importe: douscentos sesenta e cinco mil catrocentos oitenta euros (265.480,00 €).
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social e Igualdade a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer unha porcentaxe superior nos pagamentos anticipados á recollida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para o apoio aos centros de información á muller (CIM), de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Importe total: cinco millóns setenta e cinco mil cincocentos oito euros (5.075.508,00 €).

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dun complexo industrial para a produción e distribución de vehículos eléctricos e híbridos, no concello de Ferrol (A Coruña) promovido por SAIC Motor Corporation Limited.

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da declaración dunha área de rehabilitación integral no núcleo de Oseiro, no Concello de Arteixo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra para a construción dun edificio para vivendas de promoción pública (VPP) nunha parcela dotacional da rúa das Cunchas, Sanxenxo (Pontevedra), cun orzamento estimado, IVE incluído, de trescentos seis mil sesenta e tres euros con setenta e dous céntimos (306.063,72 €).
- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo a licitación das obras de construción de dous edificios para 41 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas M-IIIB-16 e M-IIIB-18 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun orzamento de licitación de oito millóns oitocentos oitenta e cinco mil trescentos trinta e un euros con setenta e cinco céntimos (8.885.331,75 €), IVE incluído, e un valor estimado de oito millóns setenta e sete mil cincocentos setenta e catro euros con trinta e dous céntimos (8.077.574,32 €), IVE excluído.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación dun Acordo Marco, cun único empresario, da subministración sucesiva do medicamento Lisocabtagén Maraleu cel para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de vinte millóns setecentos oito mil cento sesenta euros (20.708.160,00).
- Acordo polo que se autoriza ao Servizo Galego de Saúde a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, por un importe dun millón seiscentos noventa e catro mil cento trinta catro euros (1.694.134,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza dos hospitais Montecelo e Provincial, pertencentes á Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés por un importe total de licitación de seis millóns catrocentos dez mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (6.410.126,40 €) con IVE e un valor estimado de once millóns seiscentos cincuenta e catro mil setecentos setenta e cinco euros con vinte e sete céntimos (11.654.775,27) sen IVE.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Lalín para o desenvolvemento do proxecto Aldea dos Oficios, por un importe de sesenta e sete mil setecentos sesenta euros (67.760,00 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de pescadores A Pastoriza de Vilanova de Arousa para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de catrocentos setenta e sete mil cincocentos vinte e catro euros con corenta e tres céntimos (477.524,43 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores Virxe do Carmen de Cabo de Cruz para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe dun millón trescentos setenta mil setecentos noventa e cinco euros con noventa e sete céntimos (1.370.795,97 €).

### INFORMES

#### CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre o primeiro proxecto piloto de praias inclusivas.
- Informe sobre as actuacións de Augas de Galicia para o reforzo da seguridade e calidade do abastecemento de auga potable en Galicia, mediante a modernización das estacións de tratamento de auga potable (ETAP) e a mellora da capacidade de almacenamento.

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a oferta formativa nas ensinanzas de formación profesional para o curso 2026/27 en centros sostidos con fondos públicos.

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o Estudo de situación e liñas estratéxicas de acción para o impulso dos CIM de Galicia.

#### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a presentación do escrito de demanda no procedemento contencioso administrativo contra a Administración Xeral do Estado pola desestimación do acceso á resposta enviada por esta á Comisión Europea en relación ao ditame motivado sobre o cumprimento da normativa comunitaria no contrato concesional da AP-9.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a execución da Estratexia Galega de Enfermidades Raras: posta en marcha da rehabilitación domiciliaria e Convenio coa Asociación Galega de Enfermidades Raras.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o impulso da Xunta de Galicia á lectura en formato dixital.
- Informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que se regulan os itinerarios culturais de interese autonómico.

### CONSELLERÍA DO MAR

- Informe acerca da proposta de cesamento e nomeamento da presidencia da Autoridade portuaria de Ferrol- San Cibrao.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO NOMEA A ALFONSO VILLARES E PABLO FERNÁNDEZ COMO DELEGADOS TERRITORIAIS DA XUNTA EN LUGO E PONTEVEDRA**

O Consello acordou hoxe o nomeamento de Alfonso Villares Bermúdez como delegado territorial da Xunta en Lugo e de Pablo Fernández López, como novo delegado territorial en Pontevedra.

Licenciado en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela, Villares compaxinou esta profesión co labor de edil no concello do Cervo. En 2007 foi elixido alcalde deste municipio lucense, cargo que revalidou noutras catro eleccións. Entre xuño de 2023 e 2025 foi conselleiro do Mar.

Pola súa banda, Pablo Fernández é enxeñeiro industrial. Fundou e traballou nun estudio de enxeñaría, presidiu a Asociación de Jóvenes Empresarios de Pontevedra e foi concelleiro desta cidade entre os anos 2011 e 2015, e do 2019 a 2023. Desde hai dous anos exercía como secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE ELOÍNA INJERTO COMO DIRECTORA XERAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE**

Substitúe a María Quintiana, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o decreto que nomea a Eloína Injerto López como directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade, en substitución de María Quintiana, que cesa a petición propia.

Eloína Injerto era a actual directora xerente Fundación Pública Galega para o Apoio ao Exercicio da Capacidade Xurídica (Funga), cargo que asumiu en setembro de 2024. Conta con formación e experiencia no ámbito do Traballo Social, do que formou parte como docente e investigadora.

Ademais, é especialista na xestión de organizacións sen ánimo de lucro, xa que foi directora territorial da Fundación JuanSoñador en Galicia e tamén exerceu como presidenta da Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA XERENTE DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A LUIS ÁNGEL LEÓN MATEOS**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Luis Ángel León Mateos como xerente do Servizo Galego de Saúde. Substitúe no cargo a José Ramón Parada Jorgal.

Nado en Arcade en 1971, Luis León é licenciado en Medicina pola Universidade de Navarra, especialista en Oncoloxía Médica, doutor en Medicina pola USC e profesor asociado en Ciencias da Saúde. Conta, ademais, cunha ampla traxectoria asistencial, docente e investigadora.

Desenvolveu a súa carreira asistencial no Hospital Clínico Universitario de Santiago, no Hospital Meixoeiro de Vigo, no Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol e no Complexo Universitario de Pontevedra, ademais de realizar estadias formativas no MD Anderson Cancer Center de Houston e no Bellevue Hospital de Nova York.

No ámbito da xestión e da innovación, foi subdirector de Investigación, Docencia e Innovación do Sergas e director da Área de Planificación e Promoción da Investigación da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde.

Na súa faceta académica e científica, é profesor asociado na USC, coordinador do Título Experto en Oncoloxía de Precisión e autor de numerosas publicacións e proxectos competitivos en oncoloxía de precisión, biopsia líquida e inmunoterapia.

Ata o momento, exercía como xefe de sección no Servizo de Oncoloxía Médica do Hospital Clínico Universitario de Santiago e presidía o Comité Molecular de Tumores do Servizo Galego de Saúde desde 2025.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA DIRECTOR XERAL DE ATENCIÓN PRIMARIA E COMUNITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE A SALVADOR MARIÑO-AGEITOS MONTEAGUDO**

Trátase dunha dirección xeral de nova creación que se enmarca no compromiso de reforma integral da Atención Primaria asumido polo Goberno galego

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Salvador Mariño-Ageitos Monteagudo como director xeral de Atención Primaria e Comunitaria do Servizo Galego de Saúde.

Trátase dunha nova dirección xeral no marco da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde que se crea co obxectivo de consolidar este nivel asistencial como verdadeiro motor e eixe vertebrador do sistema sanitario público galego.

A nova Dirección Xeral de Atención Primaria e Comunitaria enmárcase no compromiso de reforma integral da Atención Primaria asumido polo Goberno galego co fin de adecuar as súas estruturas ao cambio demográfico que está a vivir Galicia e ás necesidades reais da poboación.

Salvador Mariño-Ageitos Monteagudo naceu en Ribeira en 1973 e é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, coa especialidade en Medicina Familiar e Comunitaria.

Entre decembro de 2017 e xaneiro de 2023 exerceu como director do distrito sanitario do Barbanza e previamente foi director de Atención Primaria e Urgencias no hospital Arquitecto Marcide de Ferrol.

Ata agora viña exercendo o cargo de director asistencial na Área Sanitaria de Ferrol.

Mariño-Ageitos conta cun Máster en Xestión Clínica, Dirección Médica e Asistencial da Universidad CEU Cardenal Herrera de Valencia; un máster en Dirección Hospitalaria e de Servizos de Saúde da Universidade CEU; e o título de Experto Universitario en Xestión de Centros e Servizos de Saúde da Universidade CEU.

Desde febreiro de 2026 é vicepresidente da xunta directiva da agrupación territorial de Sociedade Española de Directivos da Saúde (Sedisa).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA O PRIMEIRO POLÍGONO AGROFORESTAL DE INICIATIVA PRIVADA DE ALTO DE CASTIÑEIRA, ENTRE OS CONCELLOS DE RIBADAVIA E CENLLE, PARA MOBILIZAR TERRA AGRARIA**

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o correspondente decreto da Consellería do Medio Rural para desenvolver este polígono, co que se prevé poñer en valor 11,58 hectáreas
- Como actividade principal establécense os cultivos leñosos –viñedo principalmente ao atoparse na Denominación de Orixe Ribeiro- e como actividade secundaria, os pastos permanentes
- Na actualidade existen 29 polígonos agroforestais de iniciativa pública en marcha (en diferentes fases de execución) na nosa comunidade, 15 deles na provincia de Ourense, que supoñen a posta en valor de máis de 5.000 hectáreas

O Consello da Xunta declarou de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de Alto de Castiñeira, entre os concellos de Ribadavia e Cenlle, que permitirá a posta en valor de 11,58 hectáreas distribuídas en 8 parcelas de 10 propietarios. Cómpre salientar que este é o primeiro polígono agroforestal de iniciativa privada que se declara de utilidade pública ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria.

Este tipo de instrumentos de mobilización teñen por obxecto pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, e recuperar deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal. A mellora da estrutura territorial de explotacións xa existentes ou a posta en marcha de novas iniciativas produtivas, así como o desenvolvemento de áreas que, independentemente da súa capacidade produtiva, contan con especiais valores ambientais, patrimoniais ou paisaxísticos, axudan a frear os procesos de abandono que están a deteriorar eses valores.

A maiores, esta declaración de utilidade pública e interese social implica darlles o carácter de especial interese agrario ás permutas de predios que se leven a cabo neste polígono agroforestal, conforme o establecido na citada lei.

**Para viñedo e pastos**

No caso deste polígono agroforestal de Alto de Castiñeira, como actividade principal establécense os cultivos leñosos, principalmente o viñedo ao atoparse dentro da zona da Denominación de Orixe Ribeiro, e, como secundaria, os pastos permanentes.

Actualmente existen 29 polígonos de iniciativa privada en marcha (en diferentes fases de execución) na nosa comunidade, 15 deles na provincia de Ourense, que supoñen a posta en valor de máis de 5.000 hectáreas distribuídas en 23.053 parcelas propiedade de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

5.415 veciños. Este ano está previsto entregar os primeiros polígonos, que son os de Oímbra e Cualedro.

Desde o Goberno galego apóstase por diferentes instrumentos de mobilización de terra como poden ser as permutas, as agrupacións de xestión conxunta ou outras ferramentas como pode ser o Banco de Terras. A maiores, cómpre sumar as coñecidas concentracións parcelarias que, desde 2021 permitiron poñer en valor máis de 27.000 hectáreas co remate de 39 destes procesos en toda Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE JOSÉ ANTONIO ÁLVAREZ VIDAL COMO PRESIDENTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE FERROL**

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao nomeamento de José Antonio Álvarez Vidal como novo presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol, tras desempeñar o cargo de presidente da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia desde xullo de 2023..

José Antonio Álvarez Vidal é natural de Ferrol, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, cun Máster en Recursos Humanos na Universidade Pontificia de Comillas e ten unha ampla traxectoria en cargos de responsabilidade na Xunta de Galicia.

No inicio da súa carreira laboral, superou unha oposición da Comisión das Comunidades Europeas, sendo incluído entre os candidatos aptos para ocupar un emprego de administrador adxunto no ámbito do dereito, e é funcionario do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, ocupando desde 1985 distintos postos na Administración pública galega.

Entre os cargos que desempeñou está o de xefe do servizo técnico xurídico e o de subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas entre finais dos 80 e principios dos 90.

Tamén foi secretario xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (1993-1997); director xeral de Xustiza e Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais (1997-2000); secretario xeral da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (2001-2005) e nos anos seguintes ocupou distintos postos na Administración galega.

Desde 2009 ata 2018 foi xefe territorial da Coruña das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e da de Infraestruturas e Vivenda, pasando desde 2018 ata 2023 a exercer o mesmo cargo na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. E de alí á presidencia de Portos de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACTUALIZA O PROTOCOLO DA COMISIÓN DE ALERTAS METEOROLÓXICAS DEPORTIVAS NO REFERIDO ÁS ACTIVIDADES NÁUTICAS E ACUÁTICAS

- Rueda explica que se pasa dun protocolo “homoxéneo” a un que terá en conta “as características específicas” de determinadas disciplinas
- Entre as novidades está aplicar diferentes limitacións segundo o deporte sexa mar aberto, augas interiores e resgardadas
- Dáselle así resposta á petición das federacións de diferentes disciplinas que se desenvolven no medio acuático, como vela, remo, piragüismo e surf

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello vén de actualizar o protocolo a seguir nas actividades náuticas e acuáticas federadas cando hai unha alerta meteorolóxica. Dáselle así resposta á petición das federacións de diferentes disciplinas que se desenvolven no medio acuático, como vela, remo, piragüismo e surf, co obxectivo de mellorar a precisión na aplicación das alertas en augas interiores ou de zonas resgardadas reforzando o carácter preventivo do sistema.

“Ata agora era un protocolo homoxéneo, que non distinguía por tipo de deportes”, indicou o presidente, quen explicou que esta actualización -que entra en vigor hoxe mesmo - terá en conta “as características específicas” de determinadas disciplinas no caso dos deportes acuáticos. “Poden facerse axustes sen poñer nada en risco”, salientou.

Deste xeito, tal e como explicou, unha das novidades é que no caso de alerta laranxa por choiva suspéndese a actividade do programa Xogade e federada no exterior, agás os deportes náuticos e acuáticos federados. Se se activa unha alerta laranxa por fenómeno costeiro, suspéndese a actividade deportiva do programa Xogade e federada no mar, “salvo no caso dos deportes náuticos que se desenvolvan en augas resgardadas (ría e baías)” e, no caso do surf, nos puntos da costa xeoreferenciados por MeteoGalicia, “establécense uns criterios técnicos para decretar a suspensión” – ondas de 4 metros e vento dun máximo de 47 nós, entre outros-, condicións e parámetros máximos establecidos no novo anexo catro, que se engaden ao protocolo existente, publicado na web de Deporte Galego.

Canto ás vagas de calor, a suspensión da actividade deportiva federada e do programa Xogade decidírase xunto co Comité Permanente de Coordinación da Consellería de Sanidade na activación de alertas nivel 2 e 3. Nestes casos non haberá restricións para actividades náuticas e acuáticas desenvolvidas en concellos do litoral e nos do interior recomendarase non realizalas nas horas centrais do día, entre as 12.00 e as 17.00 horas.

O protocolo mantense para alertas laranxa de vento en terra, coa suspensión da actividade Xogade e federada no exterior; baixas temperaturas, sen suspensión da actividade deportiva; e neve, coa suspensión total. Tampouco hai cambios no caso das

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alertas amarelas, en que non hai suspensión, e das alertas vermellas, nas cales si se suspende toda actividade deportiva federada e do programa Xogade.

Os cambios introducidos foron acordados pola Comisión de Alertas Meteorolóxicas, integrada por representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e cos organismos estatais competentes co obxectivo prioritario de garantir a seguridade na práctica deportiva.

### **Comisión de Alertas Meteorolóxicas**

A toma de decisións correspóndelle á Comisión de Alertas Meteorolóxicas Deportivas. As accións que se determinan teñen como base o parte de alerta emitido pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet) complementado co emitido polo Servizo Meteorolóxico Rexional (MeteoGalicia) advertindo dun fenómeno meteorolóxico adverso. En caso de non coincidencia das previsións entre os partes, as medidas que se aplicarán adáptanse ao máis desfavorable.

A comunicación das decisións adoptadas realízase mediante medios electrónicos e a través das redes sociais pola Secretaría Xeral para o Deporte coa maior previsión posible. Os destinatarios son a Unión de Federacións Deportivas Galegas (Ufedega), as federacións deportivas de Galicia e as agrupacións deportivas escolares afectadas, así como as instalacións deportivas dependentes da Xunta.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA RENOVA A COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO PARA O MANTEMENTO DO COMPLEXO NÁUTICO E CAMPO DE REGATAS DAVID CAL DE VERDUCIDO**

- O Consello da Xunta autoriza pagamentos anticipados no acordo de colaboración dotado para este ano por un importe de 150.000 euros
- O Goberno galego pretende a través deste convenio garantir a conservación e funcionamento do complexo e dar resposta ás necesidades de deportistas e entidades deportivas para levar a cabo os programas de iniciación, rendemento e alto nivel executados pola federación

O Consello da Xunta autorizou o establecemento de pagamentos anticipados do convenio de colaboración entre a Xunta e a Federación Galega de Piragüismo (Fegapi), para levar a cabo as actividades de mantemento, conservación e funcionamento do Complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, no Concello de Pontevedra, así como para os gastos de funcionamento destas instalacións pola cesión outorgada pola Secretaría Xeral para o Deporte á Federación de Piragüismo e que foi renovada o pasado abril.

Para o cumprimento deste convenio, que estará vixente ao longo deste ano, a Xunta concede á federación unha achega de 150.000 euros, o que representa un 7,14 % máis que o ano pasado e un 42,85 % respecto aos 105.000 euros de 2017, primeiro ano en que se formalizou o convenio. A través deste acordo preténdese garantir a conservación e funcionamento do complexo segundo as necesidades que teñen deportistas e entidades deportivas vinculadas a esta modalidade, segundo os programas de iniciación, tecnificación, rendemento e alto nivel levados a cabo pola Federación Galega de Piragüismo.

A Xunta proxectou e executou a obra de construción do complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, co obxectivo de destinalo á formación, preparación e especialización dos deportistas galegos da modalidade do piragüismo. Deste xeito, en 2017 a Xunta formalizaba un convenio de colaboración coa Federación Galega de Piragüismo polo que se lle outorgaba a concesión do Complexo náutico e campo de regatas David Cal en Verducido, Pontillón do Castro, por un período de cinco anos, prorrogables por períodos sucesivos de cinco anos, ata un máximo de 75 anos.

O complexo náutico debe ser xestionado de tal xeito que garanta o seu máximo rendemento deportivo, a través da aplicación de programas técnico-deportivos que abrangan desde a base ao alto rendemento, garantindo un contexto idóneo para o crecemento e desenvolvemento dos deportistas galegos nos ámbitos deportivo, pedagóxico e social. Ademais da mellora da tecnificación e rendemento no piragüismo de Galicia, cómpre optimizar o centro para a consecución de melloras similares en todas

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aquelas modalidades deportivas que poidan beneficiarse do uso destas instalacións polas súas características específicas e posibilidades que ofrecen.

Cómpre engadir que a Xunta tamén colabora coa Federación Galega de Piragüismo para a realización das actuacións, actividades, funcións e tarefas que asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade. Segundo este convenio, a Federación Galega de Piragüismo recibe este ano 484.352 euros para a realización dos seus respectivos programas de promoción deportiva. Esta contía forma parte do investimento de máis de 5,5 millóns de euros que o Goberno galego destina este ano ás federacións deportivas da comunidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 35.600 € A DÚAS BOLSAS DE FORMACIÓN EN ASUNTOS COMUNITARIOS NA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS**

O Consello da Xunta autoriza a convocatoria deste programa formativo de 11 meses destinado a persoas tituladas en Dereito

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria da Fundación Galicia Europa (FGE) de dúas bolsas de formación destinadas a persoas con título universitario oficial de grao ou equivalente en Dereito para facilitar a especialización en políticas e dereito da Unión Europea mediante a realización de prácticas en asuntos comunitarios na oficina da fundación en Bruxelas.

O importe total das dúas bolsas ascende a máis de 35.600 euros e o Consello autorizou hoxe o pagamento anticipado do 80 % da subvención. O programa formativo terá unha duración máxima de 11 meses e prevese a incorporación das persoas bolseiras en setembro deste ano.

Un dos ámbitos de acción da Fundación Galicia Europa céntrase en impulsar o coñecemento das políticas e accións da Unión Europea. A este obxectivo contribúe precisamente o programa anual de bolsas para a realización de prácticas nas súas oficinas que permite ás persoas beneficiarias familiarizarse cos asuntos comunitarios desde unha perspectiva galega e, en última instancia, facilitar o seu acceso ao mercado laboral.

No ano 2025 convocouse unha bolsa para realización de prácticas en comunicación das políticas comunitarias, cun orzamento de case 17.800 euros.

O obxectivo destas bolsas é facilitarlle á mocidade a mobilidade e o acceso ao mercado laboral, alén de darlles a oportunidade de traballar nunha contorna europea e multicultural. Este programa permite, tamén, contar cunha rede de profesionais en asuntos europeos en multitude de institucións europeas e galegas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR CASE 13,6M € DA NOVA CONCESIÓN DE TRANSPORTE REGULAR NA COMARCA DA BARBANZA**

- O Goberno galego reestrutura o transporte interurbano na bisbarra con conexións directas con Santiago de Compostela e mellora a accesibilidade ao Hospital da Barbanza e aos institutos de Ribeira e Padrón
- A creación de servizos directos entre Ribeira e Santiago que circulan por autoestrada e unha conexión comarcal entre Aguiño, en Ribeira, e Rianxo permiten comunicar a comarca coa capital galega cada hora en días laborables e cada dúas horas os sábados, domingos e festivos

O Consello da Xunta autorizou a contratación da concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada da comarca da Barbanza por un importe de licitación de case 13,6 millóns de euros e cun prazo de duración previsto de catro anos e catro meses, polo que estaría vixente ata 2030.

Con esta concesión, a Xunta reestrutura o transporte interurbano na comarca cunha mellor adecuación ás necesidades reais de mobilidade da cidadanía. Deste xeito, mellórase o servizo de transporte público con máis frecuencias e mellores horarios e refórzanse as conexións directas entre a comarca da Barbanza e Santiago de Compostela. Tamén se mellora a accesibilidade aos servizos esenciais como a sanidade e a educación coas conexións ao Hospital da Barbanza e aos institutos de Ribeira e Padrón.

Os servizos de transporte deste proxecto de explotación abarcan os concellos de Ames, Boiro, Dodro, Lousame, Noia, Padrón, A Pobra do Caramiñal, O Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Santiago de Compostela e Teo. Unha vez rematada a tramitación publicarase a licitación na Plataforma de contratación pública de Galicia.

Na redefinición dos servizos da nova concesión, un dos cambios máis relevantes materialízase no enlace entre a comarca e a capital galega. Esta conexión realizarase cunha combinación de servizos directos por autoestrada entre Ribeira e Santiago complementados cun servizo entre Aguiño, en Ribeira, e Rianxo, con parada en todos os núcleos de paso. En conxunto, este deseño permite conectar a comarca da Barbanza con Santiago cada hora de luns a venres laborables e cada dúas horas os sábados, domingos e festivos. O primeiro servizo será ás 6.00 horas desde Ribeira e o último ás 22.15 desde Santiago. Ademais, seis destes servizos diarios están adaptados ás quendas do persoal sanitario dos hospitais de Santiago e dous, de luns a venres, terán paradas en San Caetano e San Lázaro, en Santiago de Compostela.

As liñas directas contan con 30 servizos ao día de luns a venres e 18 en fins de semana. No que se refire á conexión comarcal entre Aguiño e Rianxo permite o enlace dos núcleos da comarca coas liñas directas na Ponte de Té, en Rianxo. Nesta mesma

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

conexión comarcal, ofertaranse 60 servizos ao día de luns a venres e 36 nas fins de semana e festivos.

Por outra parte, ampliábase e mellórase o transporte aos principais centros educativos da zona, con novos itinerarios e horarios axustados ás entradas e saídas, especialmente para resolver a problemática actual de falta de prazas no IES Leliadoura e para mellorar o servizo aos estudantes de bacharelato e formación profesional. Ademais, créase unha liña específica para o alumnado de Dodro que estuda nos institutos de Padrón.

Tamén se introducen axustes nas liñas do eixo Ribeira-Noia-Santiago para mellorar a coordinación cos horarios escolares e reducir os tempos de espera, atendendo ás solicitudes recibidas e de persoas usuarias. A conexión entre as comarcas da Barbanza e Noia tamén se optimiza, adaptando frecuencias e horarios ás necesidades actuais.

A nova concesión conta cun total de 48 vehículos destinados a dar servizo á zona, cinco máis que os actuais. Ademais, para adecuar a capacidade do servizo á demanda existente, a maioría dos autobuses terán máis de 55 prazas, cun total de 28 destes vehículos, o que supón 21 máis ca na concesión actual. Canto ao volume de servizos, unha vez recalculados os itinerarios, circulacións e expedicións, a cifra de vehículos-quilómetros anuais, supera os 3 millóns. Trátase dos quilómetros que computan como servizo útil prestado incluíndo os tramos en baleiro e derivados dos axustes pola demanda e optimización da rede de rutas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 265.000 EUROS A APOIAR A ACTIVIDADE DE FADEMGA PLENA INCLUSIÓN GALICIA**

Autorizado un convenio de colaboración con esta federación, centrada na atención ás persoas con discapacidade intelectual e ás súas familias

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Fademga Plena Inclusión Galicia para financiar ao longo deste ano os custos de persoal, de funcionamento e actividades desta federación e das máis das 40 asociacións que a conforman. O orzamento deste acordo é de 265.480 euros, a mesma contía que o ano pasado.

O obxectivo deste convenio é contribuír a que as persoas usuarias dos programas e servizos de Fademga e das súas entidades de iniciativa social adheridas gañen en autonomía e que, deste xeito, melloren a súa calidade de vida. Tamén se persegue axudar ás familias, para que conten coa información, orientación e apoios que necesitan.

Este acordo enmárcase no apoio da Xunta ao movemento asociativo que traballa na atención ás persoas con discapacidade. Unha colaboración que se manifesta, entre outras medidas, cos concertos sociais, a través dos que se ofertan un total de 5.223 prazas de atención residencial e diúrna financiadas con fondos públicos en centros que dependen das entidades.

Fademga Plena Inclusión é unha federación de referencia en Galicia na atención a persoas con discapacidade intelectual e conta con máis de 7.000 socios. Este convenio é un dos 12 de carácter nominativo que se asinan ao longo deste ano coas grandes federacións deste ámbito por valor de case 6 millóns de euros en total. A finalidade destes acordos é garantir o labor e os servizos que presta o tecido asociativo en favor deste colectivo e das súas familias.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA OS CONCELLOS CON MÁIS DE 5 M€ PARA FINANCIAR O TRABALLO DOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER

- Estas axudas financian os gastos de persoal dos 84 CIM existentes en Galicia
- As contías máximas das subvencións poden chegar ata os 120.000 euros cando a solicitude da subvención sexa conxunta
- Ademais, o Goberno galego traballa en catro liñas estratéxicas para o impulso desta rede de centros centradas no seu fortalecemento, na formación, na coordinación institucional e na súa posta en valor

O Consello da Xunta abordou hoxe dúas cuestións relacionadas cos centros de información á muller (CIM), servizos públicos fundamentais no eido da promoción da igualdade e na prevención e tratamento da violencia de xénero, que dependen dos concellos e que contan co apoio económico da Administración autonómica. En concreto, aprobouse unha nova orde de axudas para o seu funcionamento e un estudo sobre a situación desta rede, que inclúe unha serie de liñas estratéxicas de acción para o seu impulso.

A Xunta destina este ano máis de 5 millóns de euros de fondos propios a unha nova convocatoria de subvencións para financiar os gastos de persoal que teñen os 84 CIM que existen hoxe en día en Galicia. Así, a través destas achegas sufrágase o custo dos postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, persoal técnico e axentes de igualdade ou de formación do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

En canto ás contías destas axudas, cada concello pode recibir como máximo 52.000 euros e ata 120.000 euros no caso da solicitudes conxuntas. Así mesmo, concederase un adianto do 80 % do total da achega concedida.

O período de referencia para o desenvolvemento deste programa plurianual é o comprendido entre o pasado 1 de abril e o 31 de marzo de 2027, ambos os dous incluídos. Unha vez que as axudas saian publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), os concellos contarán cun mes de para solicitalas.

#### **Impulso dos CIM**

Por outra banda, o Consello tamén deu conta dun estudo diagnóstico realizado pola Consellería de Política Social e Igualdade para coñecer a actual situación da rede CIM, as súas necesidades, recursos e funcionamento. Este estudo elaborouse con base en enquisas telemáticas aos concellos e aos profesionais dos centros.

A partir desta diagnose resultan catro liñas estratéxicas para o impulso destes recursos en que a Xunta traballará da man dos concellos. A primeira delas é o fortalecemento e a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

renovación dos recursos, mediante renovación dos medios técnicos e materiais á disposición do persoal destes centros.

A segunda liña estratéxica pasa pola mellora da formación e da intervención profesional, apostando por simplificar e axilizar os procedementos de traballo. A terceira céntrase nunha maior cooperación e colaboración institucional. Neste caso, trátase de reforzar a coordinación entre as distintas administracións públicas e de abrir novas vías de participación ás entidades do terceiro sector. A cuarta liña e último eixo de acción avoga pola posta en valor e polo impulso da actividade dos CIM.

Unha vez feito o estudo e fixado o marco de acción da Xunta, o seguinte paso é traballar no seu desenvolvemento da man dos concellos, así como un novo decreto autonómico de regulamento dos CIM adecuado á nova realidade que viven.

Tanto a orde de axudas aprobada hoxe polo Consello como este estudo para o impulso dos CIM forman parte das medidas que está a implantar a Xunta para a prevención e loita contra a violencia de xénero, o fomento da igualdade e o acompañamento ás persoas LGBTI.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DECLARA PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO O DESENVOLVEMENTO INICIAL DO COMPLEXO INDUSTRIAL DE FABRICACIÓN DE AUTOMÓBILES SAIC, CO FIN DE CREAR MÁIS DE 2.000 EMPREGOS EN FERROL**

- A compañía chinesa escolle Galicia fronte a outras localizacións analizadas para a súa expansión ao mercado europeo pola capacidade industrial galega, a sólida base manufactureira e a capacidade para facilitar unha rápida implantación
- Salienta que a iniciativa prevé a creación dunha instalación industrial no Porto Exterior de Ferrol, que podería xerar 2.000 empregos e impulsar a implantación de provedores nun polo industrial e loxístico nas Pontes con 300 postos de traballo
- Para atraer este investimento, a Xunta mantivo un intenso traballo con SAIC, con múltiples reunións celebradas ao longo dos últimos meses
- Rueda destaca que a previsión é “iniciar as obras en 2027 ” que o complexo “estea operativo no 2028”
- A conselleira de Economía resalta que a Xunta asigna o “Proxecto SAIC” a unha unidade da Oficina Económica de Galicia que liderará o acompañamento, seguimento e coordinación de todos os trámites vinculados ao proxecto industrial

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello declarou hoxe Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) o desenvolvemento inicial do complexo industrial da empresa de fabricación de vehículos chinesa SAIC en Galicia. O PIE inclúe a posta en marcha dunha zona industrial no porto exterior de Ferrol, que suporía a creación inicial de 1.000 postos de traballo directos e doutros tantos indirectos, e dun centro industrial e loxístico nas Pontes de García Rodríguez que permitirá a creación de 300 empregos. “Vai ser o primeiro proxecto industrial da multinacional en Europa”, salientou.

Na súa intervención, explicou que, desde o primeiro momento no que a empresa mostrou interese por Galicia -outubro de 2025-, o Goberno galego desenvolveu un intenso proceso de diálogo coa multinacional para coñecer as súas necesidades de implantación mediante reunións de traballo que culminaron coa solicitude formal de SAIC para iniciar a tramitación do que sería o seu primeiro proxecto industrial en Europa. “Celebráronse moitas reunións entre a empresa e a Xunta”, indicou Rueda, quen salientou que un dos motivos polos que SAIC elixe Galicia “é a ampla tradición, punteira, que temos no sector da automoción, tanto na fabricación de vehículos como de compoñentes”.

Pola súa banda, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, destacou “a gran oportunidade económica e industrial para Ferrolterra” e o conxunto da comunidade, logo do compromiso da compañía chinesa de que gran parte dos compoñentes para os seus vehículos “serán de fabricación local”.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Lorenzana agradeceu o traballo desenvolvido tanto polo Igape, a través da Oficina Económica de Galicia, como pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, en colaboración cos responsables de SAIC.

No relativo aos trámites realizados, Lorenzana destacou que en marzo, tras un intenso traballo, a Xunta de Galicia considerou que o proxecto de investimento presentado por SAIC estaba “suficientemente maduro” para ser remitido ao Goberno central, autoridade competente para autorizar o investimento estranxeiro directo en España, ante o que a compañía xa realizou a correspondente notificación para a súa aprobación. Neste sentido, a conselleira sinalou que a cooperación foi do máis alto nivel nas tres reunións de alto nivel celebradas en Madrid con representantes da multinacional e do Goberno central.

### **Un gran hub industrial e loxístico**

En relación coas características do complexo industrial que SAIC prevé establecer en Galicia, a conselleira precisou que se desenvolvería nunha parte das instalacións do Porto Exterior de Ferrol. Isto sen prexuízo de que –segundo recolle a propia compañía na súa solicitude de PIE– a intención a medio e longo prazo da firma chinesa sería converter a comarca de Ferrolterra e As Pontes nun hub industrial e loxístico, no caso de que finalmente se materialice a totalidade do proxecto. Este incluíría tecnoloxías avanzadas de fabricación e procesos clave, así como a produción local dunha elevada proporción de compoñentes en cumprimento da normativa obrigatoria da Unión Europea. Procurarase maximizar a subministración local de compoñentes sempre que sexa economicamente viable, ben mediante fabricación propia nas instalacións ou a través de provedores radicados no territorio.

As novas empresas que se queiran implantar na área de influencia desta multinacional poderían facelo en zonas da comarca, como a área empresarial de Mandiá, cuxa tramitación iniciou xa a Xunta de Galicia, así como na zona industrial das Pontes.

A operación suporá a presenza en Galicia do primeiro centro industrial e loxístico de SAIC na Unión Europea, con Ferrol e As Pontes como eixes principais do proxecto. Por outra banda, o PIE presentado pola empresa implicaría para o porto ferrolán un movemento loxístico extraordinario que dará vida a unhas instalacións aínda en desenvolvemento.

Na súa intervención, Lorenzana explicou que, para que o proxecto poida executarse, deberán completarse dous procedementos adicionais xunto coa tramitación do proxecto industrial estratéxico: por unha banda, a compañía deberá obter previamente, ou cando menos de maneira simultánea, as concesións das parcelas que pretende ocupar no Porto Exterior de Ferrol; e, por outra, ao tratarse dunha empresa non europea, deberá obter obrigatoriamente a autorización de investimento estranxeiro directo (FDI polas súas siglas en inglés) do Goberno central, outorgada polo Consello de Ministros. Polo tanto, a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

viabilidade do proxecto continúa condicionada á obtención dos permisos e autorizacións necesarios, á realización de avaliacións económicas favorables e á existencia de apoio público.

En todo caso, a Xunta de Galicia continuará –precisou– liderando todo o proceso e mantendo unha estreita colaboración con Portos do Estado, as administracións locais e o Goberno central para que o proxecto poida culminar con éxito. Con este obxectivo, o Consello da Xunta asignou o “Proxecto SAIC” a unha unidade da Oficina Económica de Galicia, que liderará o apoio, seguimento e coordinación de todos os procedementos vinculados a este investimento. A unidade contará cun enxeñeiro adscrito ao proxecto e cun xurista especializado en investimento empresarial, entre outros perfís técnicos. Ademais de impulsar a tramitación do PIE, coordinará as actuacións cos concellos de Ferrol e As Pontes, coa autoridade portuaria e co Goberno central, co fin de garantir a coherencia de todos os procedementos e facilitar o complexo proceso administrativo que a empresa deberá afrontar a partir de agora.

Trátase de dar un paso máis no liderado da Xunta a nivel nacional no que se refire á desburocratización e axilización de trámites, unha política económica clave do Goberno galego para o crecemento e a atracción empresarial.

### **Prazos, investimento e emprego estimado**

Sobre os prazos de execución, a conselleira afirmou que a intención de SAIC, segundo recolle o proxecto, suporá que a finais de 2026 debería dispor dos permisos e autorizacións necesarios para comezar a construción da primeira fase da planta de Ferrol. “A previsión sería iniciar as obras en 2027 e que a fábrica estea operativa en 2028”, indicou Rueda.

Por último, María Jesús Lorenzana engadiu que, durante as reunións de traballo mantidas coa empresa, a Xunta ofreceu a SAIC a totalidade das zonas industriais de Galicia capaces de acoller un proxecto destas características, tanto na zona sur da comunidade -terreos na Plisan e loxísticos a través do Porto de Vigo- como diversas localizacións na zona norte, coa loxística a través dos portos da Coruña e Ferrol. Tras múltiples visitas, e baseándose na análise de apoio público e viabilidade económica, os responsables chineses teñen a intención de elixir o eixe Ferrolterra e As Pontes para implantar o seu complexo industrial en Europa porque consideraron que era opción que mellor se axustaba ás súas necesidades.

O presidente salientou que o investimento total previsto inicialmente ascende arredor de 200 millóns de euros, ao que haberá que engadir as correspondentes taxas portuarias polo uso industrial e loxístico das parcelas no porto exterior de Ferrol. O proxecto inclúe dúas fases que, unha vez completadas, permitirían que a planta acadase unha produción anual de 120.000 vehículos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dos 1.000 empregos directos previstos, aproximadamente a metade corresponderían a operacións loxísticas e a outra metade a actividades produtivas, , abranguendo unha unha ampla variedade de perfís profesionais, entre eles enxeñeiros, operarios de montaxe, persoal loxístico, estibadores, condutores de camiión, así como persoal de limpeza e seguridade, entre outros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO NÚCLEO DE OSEIRO, NO CONCELLO DE ARTEIXO

- A nova ARI ocupa unha superficie de 201.862 m<sup>2</sup> que incorpora os asentamentos orixinais do Igrexario e Oseiro ata o lugar da Raña e a urbanización Sol y Mar, engadindo os espazos públicos que dan soporte á edificación e as vías antigas
- O concello xa ten declarada neste municipio coruñés a ARI de Meicende-O Petón
- Galicia conta con 80 áreas de rehabilitación integral municipais declaradas en 46 concellos, ademais das tres ARI supramunicipais dos Camiños de Santiago, Ribeira Sacra e Illas Atlánticas

A Xunta de Galicia declarará a área de rehabilitación integral (ARI) do núcleo de Oseiro, no concello de Arteixo, segundo informou hoxe ao Consello da Xunta a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O ámbito do núcleo de Oseiro incorpora os asentamentos orixinais do Igrexario e Oseiro ata o lugar da Raña e a urbanización Sol y Mar, engadindo os espazos públicos que dan soporte á edificación e, en particular, as vías antigas que serven de nexo de unión entre rúas.

O número total de vivendas é de 719, incluídas nos 210 edificios de carácter residencial, dos cales 18 son edificacións auxiliares ao uso residencial en parcela independente.


A superficie total do ámbito é de 201.862 metros cadrados.

Esta é a segunda área de rehabilitación declarada no concello de Arteixo, que xa conta coa de Meicende-O Petón, declarada en 2025. A xestión da ARI é competencia do Concello.

Ao sumarse a do núcleo de Oseiro, Galicia conta xa con 80 ARI municipais declaradas en 46 concellos, ademais das tres ARI supramunicipais dos Camiños de Santiago, Ribeira Sacra e Illas Atlánticas. En total, 162 concellos teñen, polo menos, unha área de rehabilitación integral.

O Goberno coa declaración destas ARI dá cumprimento ao seu obxectivo de facilitar oportunidades aos cidadáns para mellorar a calidade das súas vivendas, mediante o impulso de actuacións de urbanización e reurbanización no ámbito das ARI e, grazas ao compromiso de todos, avánzase na recuperación e conservación do patrimonio edificatorio dos concellos de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LICITARÁ A REDACCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE 40 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA PARA O ALUGUEIRO, EN SANXENXO**

- O contrato será licitado por un importe de algo máis de 306.000 euros
- Situaranse nunha parcela da rúa das Cunchas, de 1.746 m<sup>2</sup>, cedida polo concello

O Goberno galego construírá 40 vivendas de promoción pública nunha parcela cedida polo Concello de Sanxenxo na rúa das Cunchas.

O contrato para a redacción do proxecto e dirección de obra licitarase por un importe de 306.063,72 euros.

A parcela onde a Xunta proxecta construír o edificio ten unha superficie de 1.746 m<sup>2</sup> e, actualmente, está cualificada como de uso dotacional de equipamento. A promoción que vai desenvolver a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través del Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), ten a consideración de obra pública de interese xeral en virtude do disposto na Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, polo que o IGVS destinará os edificios á construción de vivendas de promoción pública en réxime de alugueiro.

Os traballos do equipo de arquitectura adxudicatario do concurso consistirán na redacción da proposta de nova ordenación da parcela, na redacción dos proxectos de construción e urbanización e na dirección das obras correspondentes.

A parcela cedida á Xunta polo Concello de Sanxenxo, unha vez rematada a edificación, disporá ademais de espazo libre de uso público.

As condicións das edificacións dependerán da ordenación final do ámbito que se propoña no proxecto, pero non deberán superar unha edificabilidade máxima de 3.600 metros cadrados sobre rasante e contarán, previsiblemente, con dúas plantas de soto, onde se situarán rochos e garaxes anexos ás vivendas e unhas cinco plantas destinadas a vivendas. As vivendas da promoción, arredor de 40, serán de dous dormitorios.

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

En Sanxenxo a Xunta está a desenvolver xa unha promoción de 25 vivenda en Noalla, nunha parcela cedida polo Concello. A redacción de proxecto, dirección de obra e execución das obras de construción está xa licitada por importe de 6.798.539,47 euros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA LICITARÁ AS OBRAS DE 41 NOVAS VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, NO CONCELLO VIGO**

- As obras serán licitadas por un importe de 8.885.331,75 euros, IVE incluído
- Construiranse nas parcelas M-IIIB-16 e M-IIIB-14, do polígono 2, de San Paio de Navia

O Goberno galego construírá 41 vivendas de promoción pública nas parcelas M-IIIB-16 e M-IIIB-18, localizadas no polígono 2, de San Paio de Navia, en Vigo.

As obras para a construción do inmoble licitaranse por un importe de 8.885.331,75 euros, IVE incluído, e seguirán o proxecto redactado por Irisarri-Piñera, SLNE, adxudicado por importe de 320.311,20 euros, incluída a dirección de obra. Ao investimento hai que sumar o valor da parcelas en que se constrúen as vivendas, urbanizada pola Xunta de Galicia.

O proxecto ten por obxecto a construción de dous edificios para un total de 41 vivendas de promoción pública, 41 garaxes e 41 rochos nas parcelas M-IIIB-16 e M-IIIB-18 do Plan parcial de San Paio de Navia, en Vigo.

**Parcela M-IIIB-16:**

Trátase dunha parcela cunha superficie de 664,20 m<sup>2</sup> e forma sensiblemente rectangular.

O edificio proxectado destínase a 19 VPP, 19 rochos e 19 prazas de garaxe. Consta dunha planta de soto para 19 prazas de garaxe e instalacións; planta baixa para soportal, 2 portais de acceso ás vivendas, 19 rochos, local de uso comunitario e locais de instalacións e servizos; tres plantas altas para uso residencial con 5 vivendas por planta e planta ático tamén para uso residencial, cun total de 4 vivendas. A través do portal 1 accédese a 11 vivendas (3 en plantas altas e 2 en planta ático) e a través do portal 2 accédese a 8 vivendas (2 por planta)

O inmoble da parcela M-IIIB-16 terá 19 vivendas:

|               | Nº vivendas | Nº vivendas adaptadas | Total vivendas | Superficie media útil (m <sup>2</sup> ) |
|---------------|-------------|-----------------------|----------------|---|
| 2 dormitorios | 6           | 1                     | 7              | 74,01                                   |
| 3 dormitorios | 12          |                       | 12             | 87,91                                   |
| Total         | 18          | 1                     | 19             |   |

**Parcela M-IIIB-18:**

Trátase dunha parcela cunha superficie de 784,80 m<sup>2</sup> e forma de L curvada que linda ao norte e oeste coa zona verde pública ZV-IIIB-5, ao leste coa rúa das Ufas e ao sur coa vía V-III-F.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O edificio proxectado destínase a 22 VPP, 22 rochos e 22 prazas de garaxe. Consta dunha planta soto para 22 prazas de garaxe e local de instalacións; planta baixa para soportal, dous portais de acceso ás vivendas, 22 rochos, local de uso comunitarios e locais de instalacións e servizos; tres plantas altas para uso residencial, con 6 vivendas por planta; e planta ático tamén para uso residencial, para un total de 4 vivendas. A través de cada un dos portais accédese a 11 vivendas (3 en plantas altas e 2 en planta ático).

Unha das vivendas e unha das prazas de garaxe están adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

O inmovible da parcela M-III B-18 terá 22 vivendas:

|               | Nº vivendas | Nº vivendas adaptadas | Total vivendas | Superficie media útil (m <sup>2</sup> ) |
|---------------|-------------|-----------------------|----------------|---|
| 2 dormitorios | 5           |                       | 5              | 75,14                                   |
| 3 dormitorios | 13          | 1                     | 14             | 85,58                                   |
| 4 dormitorios | 3           |                       | 3              | 106,93                                  |
| Total         | 21          | 1                     | 22             |   |

Esta promoción insírese no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivenda, chegando a un total de 8.000 unidades, antes do remate de 2028, que se converterán en 10.000 no ano 2030. Con tal fin, xa están en diversas fases de execución 4.000 novas vivendas de promoción pública.

En Vigo a Xunta ten actualmente 927 vivendas de promoción pública en diversas fases de execución, todas elas en solo urbanizado pola Xunta de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 20,7 M € PARA A COMPRA DUN MEDICAMENTO CAR-T PARA TRATAR UN DETERMINADO TIPO DE LINFOMA**

- Lisocabtagén Maraleucel é un novo medicamento CAR-T actualmente dispoñible como alternativa de tratamento para pacientes diagnosticados de determinados tipos de cancro do sangue
- O número de pacientes a candidatos a tratamento con este medicamento estímase en torno a 15 durante o primeiro ano do contrato e ao redor de 33 no segundo ano
- Os medicamentos CAR-T constitúen unha nova estratexia terapéutica para as enfermidades que revisten especial gravidade
- A loita contra o cancro é unha das principais liñas estratéxicas da Xunta, que conta neste obxectivo co Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas e co futuro Centro de Protonterapia e impulsa o Centro de Coidado Integral do Cancro de Galicia

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal, a tramitación dun acordo marco, cun valor estimado de 20.708.160 euros, para a subministración sucesiva do medicamento Lisocabtagén Maraleucel para pacientes diagnosticados de determinados tipos de cancro de sangue con destino aos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

O valor estimado da contratación calcúlase con base no contrato inicial por un período de dous anos, máis unha ou varias prórrogas ata un máximo de dous anos máis.

Lisocabtagén Maraleucel é un novo medicamento CAR-T indicado no tratamento de segunda liña do linfoma B difuso de células grandes en recaída temperá e linfoma folicular en recaída ou refractario en terceira liña ou posteriores.

O número de pacientes candidatos a tratamento con este novo medicamento sitúase en arredor de 15 durante o primeiro ano e arredor de 33 no segundo ano.

A terapia CAR converteuse nos últimos anos no principal tratamento inmunocelular contra o cancro e forma parte da familia dos medicamentos avanzados que, a diferenza dos tradicionais, se obteñen a partir de compoñentes vivos manipulados.

Para a fabricación de CAR-T, as células utilizadas son os linfocitos T que se extraen do paciente a través dunha técnica de leucoaférese para seren modificados xeneticamente no laboratorio e así, unha vez, inoculados de novo ao paciente, teñan máis capacidade para recoñecer e destruír as células cancerosas.

Polo tanto, os medicamentos CAR-T constitúen unha nova estratexia terapéutica para as enfermidades que revisten especial gravidade.

#### **Compromiso da Xunta na loita contra o cancro**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este investimento, a Xunta quere remarcar o seu compromiso absoluto na loita contra o cancro. Ao respecto, cómpre poñer en valor a Estratexia galega de oncoloxía de precisión, unha folla de ruta que ten por obxectivo principal garantir a igualdade no acceso aos diagnósticos e ás terapias a todos os pacientes e así conseguir un sistema sanitario máis efectivo, seguro, eficiente e, sobre todo, equitativo.

Nesta liña, Galicia conta co Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas CAR-T, que este ano comezará a fabricar as súas propias terapias, e co futuro Centro de Protonterapia de Galicia, que comezará a tratar os primeiros pacientes a finais deste ano ou principios de 2027.

Tamén se impulsa o Centro de Coidado Integral do Cancro de Galicia, un dos 14 centros españois designados para formar parte da rede de excelencia europea no tratamento do cancro, co que se busca consolidar Galicia como referente de calidade no tratamento oncolóxico, con beneficios directos para os pacientes, para os profesionais e para o prestixio do sistema sanitario público.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA CON PRETO DE 1,7 M€ A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS

- O Executivo galego incrementa nun 25,49 % a partida destinada ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de actividades que melloren a calidade de vida destes pacientes
- A orde de axudas de 2026 incorpora unha nova liña de financiamento específico para aquelas actividades que estean destinadas á atención da saúde mental da infancia e adolescencia
- O ano pasado estes incentivos da Xunta posibilitaron o desenvolvemento de 46 programas que contribuíron a mellorar a saúde mental da poboación galega
- A Xunta poderá anticipar ás entidades beneficiarias ata o 90 % destas axudas, posibilitando a súa xustificación con posterioridade á realización das actividades

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova convocatoria de incentivos destinados ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e as adiccións. O Executivo galego apoiará estas institucións achegando un total de 1.694.134 euros en concepto de axudas.

A Xunta ten entre os seus obxectivos prioritarios mellorar a atención da saúde mental da poboación galega e, por este motivo, na orde de axudas correspondentes a este exercicio incrementará nun 25,49 % (en 344.134 €) o orzamento consignado para o desenvolvemento deste tipo de actividades.

O ano pasado, esta liña de axudas posibilitou o desenvolvemento de 46 programas que contribuíron a mellorar a saúde mental da poboación galega.

Entre as novidades que incorpora a convocatoria deste 2026 destaca a incorporación dunha nova liña de actuación que se centrará en iniciativas vinculadas á atención integral á saúde mental na infancia e na adolescencia.

Esta nova liña contribuirá ao financiamento de programas dirixidos á prevención, detección temperá, intervención psicosocial, apoio familiar e inclusión social de nenos, nenas e adolescentes con problemas de saúde mental ou trastornos do neurodesenvolvemento con trastorno mental comórbido.

Xunto con ela, a orde estrutúrase ao redor doutros cinco eixes estratéxicos en que se definen que actividades son susceptibles da concesión destas axudas.

En concreto, disporase dunha liña de axudas para financiar proxectos de investimento de melloras para os centros sanitarios cuxa actividade asistencial principal sexa o

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais en materia de trastornos mentais, incluídos os trastornos adictivos.

En segundo lugar, a convocatoria tamén posibilitará levar a cabo programas de intervención comunitaria destinados a aquelas persoas que padezan trastornos de tipo mental.

Outro dos eixes estratéxicos incidirá na realización de programas de prevención terciaria en adiccións comportamentais e outras adiccións.

Así mesmo, serán obxecto de axuda os programas de incorporación social e fomento do emprego para as persoas con trastornos mentais e, tamén, aqueles programas centrados na prevención do suicidio.

Un ano máis, a convocatoria desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva e poden acceder a ela todas aquelas entidades sociais sen ánimo de lucro que promovan novas estratexias que dean resposta ás necesidades da poboación que sofre doenzas de tipo mental.

Para facilitar o desenvolvemento dos programas, o Executivo galego poderá anticipar ás entidades beneficiarias ata o 90 % destas axudas, posibilitando a súa xustificación con posterioridade á realización das actividades.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR 6,4 M € DO SERVIZO DE LIMPEZA DO ACTUAL HOSPITAL MONTECELO E DO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**

- O período obxecto do contrato é de 12 meses
- A superficie que se limpará é de aproximadamente 86.257 metros cadrados

O Goberno galego autorizou a contratación, por un período de doce meses, do servizo de limpeza do actual hospital Montecelo e do Provincial de Pontevedra. O importe total da licitación autorizada ascende a 6.410.126 euros, e o valor estimado, atendendo á posible prórroga por un período máximo de doce meses, a 11.654.775 euros.

O obxecto do contrato comprende a limpeza interior de todas as dependencias dos dous hospitais; a limpeza do mobiliario e equipamento; as zonas exteriores; a recollida e evacuación de residuos e de roupa sucia e o traslado e distribución de roupa limpa; a chegada dos materiais e produtos de limpeza, desinfección e aseo necesarios, e a chegada de maquinaria, útiles e ferramentas necesarias.

A superficie que se deberá limpar é de aproximadamente 86.257 metros cadrados, sumando os dous hospitais (o actual Montecelo e o Provincial). Deste total, máis de 5.100 m<sup>2</sup> son de risco alto, preto de 30.000 m<sup>2</sup> de risco medio e máis de 34.600 m<sup>2</sup> de risco baixo. A estas superficies hai que engadir exteriores e vías, máis de 16.000 m<sup>2</sup>.

Unha correcta hixiene e desinfección e un ambiente limpo son unha medida de prevención e redución das infeccións relacionadas coa asistencia en saúde e, en calquera centro asistencial, o mantemento dun nivel de limpeza adecuado evita a transmisión de axentes infecciosos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CONTRIBÚE Á DINAMIZACIÓN COMERCIAL DE LALÍN NO NADAL CO APOIO AO PROXECTO ALDEA DOS OFICIOS

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Lalín para o desenvolvemento deste proxecto de atracción comercial
- Trátase dunha acción enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 que forma parte do complexo das Aldeas de Nadal promovido polo Concello e á cal o Executivo autonómico destina 60.984 €, que supón o 90 % do seu custo total
- A iniciativa consistirá nun espazo que incorporará novos formatos de divulgación da artesanía e potenciará a demostración, a aprendizaxe e a difusión pública de técnicas e procesos artesanais tradicionais durante a campaña de Nadal

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Lalín para o desenvolvemento do proxecto de dinamización comercial Aldea dos Oficios, orientado á conservación, transmisión e profesionalización dos oficios artesanais e á capacitación de novos talentos que garantan a remuda xeracional no sector. Trátase dunha acción enmarcada no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e que forma parte do universo das Aldeas de Nadal promovido polo Concello.

O orzamento total desta actuación é de 67.760 euros que se distribuirán nas anualidades de 2026 e 2027. Desta cantidade, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará o 90 % –60.984 €– e o importe restante, a Administración Local. A vixencia desta colaboración estenderase ata o 31 de marzo de 2027 e entre as actuacións que abarca están a construción de cinco casas de Nadal e tarefas de vexetación, iluminación e decoración, así como de transporte e a montaxe.

Esta aldea configurarase como un espazo temático de carácter innovador para ofrecer unha experiencia comercial de alto impacto. Neste sentido, a iniciativa incorporará novos formatos de divulgación da artesanía e o espazo potenciará a demostración, a aprendizaxe e a difusión pública de técnicas e procesos artesanais tradicionais durante a campaña de Nadal.

Deste xeito, o proxecto busca contribuír á valorización do patrimonio inmaterial galego e ao fortalecemento e difusión do sector artesanal como recurso económico, social, patrimonial e cultural de carácter estratéxico. Ademais, esta actuación tamén ten como fin favorecer o incremento do consumo e das vendas no sector comercial retalista, asegurando o mantemento e a consolidación do comercio local como sector socioeconómico vital para a vertebración do territorio.

#### **Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa dá continuidade ao proxecto xa consolidado do Concello de Lalín das Aldeas de Nadal, evolucionando cara a un modelo avanzado de creación de espazos inmersivos centrados na posta en valor dos oficios tradicionais artesanais. Deste xeito, perséguese dinamizar o comercio de proximidade, un dos obxectivos estratéxicos do Goberno galego. De feito, esta actuación concorda co recollido no eixe 2 do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 en que se inclúe a medida dedicada a impulsar a marca Artesanía de Galicia.

Neste ámbito, a Xunta, a través da Fundación Pública Artesanía de Galicia, impulsa programas como *Aprender da tradición. Oficios e técnicas* e *Artesanía na escola* a prol da remuda xeracional no sector artesanal galego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA APROBA OS CONVENIOS DE RESTAURACIÓN DOS BANCOS MARISQUEIROS CON CABO DE CRUZ E VILANOVA DE AROUSA CUN INVESTIMENTO QUE SUPERA OS 1,8 M €**

- Os plans autorizados polo Goberno galego permitirán actuar sobre máis de 2.040.000 m<sup>2</sup> de areas en Boiro e en máis de 1.080.000 m<sup>2</sup> en Vilanova, sumando a sementeira de 2,3 millóns de unidades de ameixa en Cabo de Cruz e 650.000 en praias vilanovesas
- A Consellería do Mar eleva a cinco o número de acordos formalizados baixo o fondo extraordinario de case 23 M € co fin de apoiar as tarefas de acondicionamento do substrato, control de depredadores ou vixilancias, entre outras, deseñadas polas propias entidades

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á autorización para asinar dous novos convenios de colaboración coas confrarías de pescadores da Pastoriza de Vilanova de Arousa e Virxe do Carmen de Cabo de Cruz (Boiro). Ambas as dúas iniciativas, orientadas á restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, mobilizan unha partida conxunta de 1.848.319,11 euros sufragada ao 100 % pola Administración autonómica co obxectivo de revertir a elevada mortalidade de bivalvos producida polas choivas extraordinarias e a consecvente baixada da salinidade de principios de ano.

Os acordos ratifican o compromiso do Executivo galego de cara á recuperación dos bancos marisqueiros e prevén compensacións de ata 700 euros mensuais —o equivalente ao salario mínimo interprofesional para os traballadores eventuais— para as persoas mariscadoras que participen nos traballos de rexeneración do medio mariño. Deste xeito, a Consellería do Mar eleva a cinco as entidades que formalizan a súa entrada no plan de choque global dotado con 22,7 millóns de euros e cofinanciado nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), uníndose aos acordos xa asinados con Noia, Vilaxoán e Muros.

**Accións en Cabo de Cruz**

O proxecto técnico deseñado pola confraría boirense dispón dun orzamento total de 1.370.795,97 euros e artellarase a través da implicación progresiva de ata 163 profesionais a pé. O raio de acción terá unha superficie global de 2.040.388 metros cadrados que abrangue os bancos de Barraña, Arrecife das Marxas, Retorta, Ladeira do Chazo e a praia de Mañóns.

Entre as medidas elixidas pola entidade destaca a remoción e descompactación mecánica e manual do substrato co apoio dun tractor e un limpapraias, quendas de vixilancia diúrna e nocturna con vehículos, tarefas de rareos para regular as densidades de moluscos e un programa de cinco xornadas formativas. No eido produtivo, acometerase a sementeira de 2,3 millóns de unidades de ameixa fina e babosa distribuídas por sectores, cun seguimento científico bimonitorizado para avaliar as taxas de supervivencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Accións en Vilanova de Arousa**

Pola súa banda, o documento aprobado coa entidade vilanovesa está dotado con 483.597,63 euros e prevé a mobilización de ata 65 mariscadoras a pé, que sumarán 144 xornadas coordinadas de traballo. O plan intervirá sobre unha superficie protexida de 1.086.872 metros cadrados repartidos en seis grandes bancos intermareais situados entre os distritos de Esteiro de Vilamaior, As Sinas, As Carballas-O Bote e Castelete-O Rego.

O catálogo de actuacións técnicas prioriza o labor manual nas áreas de maior densidade e reserva o uso do tractor ou maquinaria de chorros desde embarcación para reverter as zonas con maior tendencia ao xerar lodo. Tamén recolle a vixilancia diaria de catro horas en baixamares diúrnas, o control manual e mecánico de macroalgas e depredadores - incluíndo raeiras de ouxas en preamares-, a sementeira de 650.000 unidades de ameixa babosa e a realización de cursos específicos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA PORÁ EN MARCHA ESTE VERÁN UN PROXECTO PILOTO DE PRAIAS INCLUSIVAS COA INSTALACIÓN DE ESTRUTURAS CLIMÁTICAS SOSTIBLES**

- O Consello coñeceu hoxe esta iniciativa que comezará a desenvolverse este ano en tres areas dos concellos do Porto do Son, Viveiro e Baiona
- Esta actuación, que conta cun orzamento de 85.000 euros, contribúe a dar resposta a exixencias vinculadas a distintivos como a Bandeira Verde e a Bandeira Azul, xa que mellora as condicións de accesibilidade, sostibilidade e confort nos espazos públicos
- Estas estruturas climáticas contarán con accesos sen barreiras arquitectónicas, espazos amplos que permiten a mobilidade de persoas usuarias de cadeiras de rodas, sinalización táctil e visual adaptada, zonas de descanso accesibles e elementos que favorecen a orientación e seguridade

A Xunta de Galicia porá en marcha este verán un proxecto piloto de praias inclusivas a través da instalación de estruturas climáticas sostibles e integradas na paisaxe que servirán de refuxio ás persoas con problemas de mobilidade en caso de condicións climáticas adversas, como poden ser vagas de altas temperaturas.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe este proxecto que comezará a desenvolverse este ano en tres areas de concellos representativos das provincias costeiras, que serán O Porto do Son (A Coruña), Viveiro (Lugo) e Baiona (Pontevedra). Así, unha vez que os concellos comuniquen as praias seleccionadas para acoller estas estruturas, asinaranse os correspondentes protocolos de colaboración entre a Xunta e as administracións locais co obxectivo de que estas instalacións climáticas estean á disposición da cidadanía no vindeiro mes de xullo.

Esta iniciativa da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que conta cun orzamento de 85.000 euros, contribúe a dar resposta a exixencias vinculadas a distintivos de calidade ambiental, como a Bandeira Verde e a Bandeira Azul, xa que melloran as condicións de accesibilidade, sostibilidade e confort nos espazos públicos.

Nese senso, con esta actuación avánzase na creación de contornas máis inclusivas, resilientes e adaptadas ás necesidades da cidadanía, promovendo a igualdade de oportunidades no uso do espazo público.

En concreto, estas estruturas climáticas contarán con accesos sen barreiras arquitectónicas, espazos amplos que permiten a mobilidade de persoas usuarias de cadeiras de rodas, sinalización táctil e visual adaptada, zonas de descanso accesibles e elementos que favorecen a orientación e seguridade.

Este proxecto piloto, que se enmarca nas iniciativas que a Xunta está a poñer en marcha no marco da Lei de xestión e ordenación integrada do litoral de Galicia (Loxilga), é unha

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mostra máis da aposta do Goberno galego por uns servizos de tempada de calidade e respectuosos coa paisaxe e co ambiente.

De feito, para este 2026, o primeiro xestionado de forma íntegra pola Xunta, outorgáronse títulos habilitantes para case 800 servizos e instalacións, tanto no dominio público marítimo-terrestre (DPMT) como en servidume de protección, para postos de praia, terrazas, casetas de salvamento, duchas e pasarelas, hamacas, antucas, hidropedais, caiacs, escolas de surf etc.

No caso concreto dos postos de praia, e no marco desa aposta por impulsar medidas de mellora ambiental e paisaxística do litoral, o Goberno galego fixo un concurso de ideas para deseñar un prototipo que sirva de modelo para que estes establecementos hostaleiros sexan máis sostibles, eficientes, accesibles e integrados na paisaxe litoral. De feito, a maiores, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático convocou unha liña de axudas para impulsar prácticas sostibles neste tipo de establecementos.

Todas estas iniciativas desenvolven o obxectivo da Loxilga de ordenar os usos do dominio público marítimo-terrestre (DPMT) desde unha tripla perspectiva: ambiental, social e económica, garantindo a protección dos ecosistemas costeiros e un desenvolvemento sostible.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**A XUNTA MOBILIZARÁ 31,1 M € ATA 2029 PARA MODERNIZAR DEPÓSITOS E POTABILIZADORAS QUE MELLORARÁN O ABASTECIMENTO DE AUGA A MÁIS DE 306.000 PERSOAS**

- O Consello toma razón dun informe en que se recollen as nove actuacións hidráulicas que ten Augas de Galicia en execución, comprometidas ou en tramitación para reforzar a seguridade e a calidade da subministración nun total de 26 concellos
- As obras programadas permitirán ampliar a capacidade de tratamento, mellorar os depósitos de almacenamento, automatizar procesos e preparar os sistemas fronte ás novas exixencias sanitarias, eventuais secas ou períodos de picos de consumo
- Entre as actuacións máis avanzadas destacan a ampliación da ETAP de Padrón, xa case rematada, e a mellora do abastecemento de Ares, con inicio inmediato
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático prevé asinar en xuño o convenio co Concello de Baiona que permitirá modernizar a estación potabilizadora municipal, ademais de tramitar acordos con Frades, Ordes e Baralla e avanzar na redacción dos proxectos das actuacións previstas en Rábade, Castro de Rei e O Salnés

A Xunta de Galicia está a impulsar un paquete plurianual de actuacións hidráulicas, coa mobilización dun investimento global duns 31,1 millóns de euros, que permitirá reforzar e mellorar a calidade do servizo de abastecemento de auga potable para máis de 306.000 persoas residentes en 26 concellos galegos.

O Consello tomou razón hoxe dun informe que recolle os nove proxectos con que o Executivo galego, a través do organismo hidráulico Augas de Galicia, ten previsto optimizar a prestación deste servizo público esencial para a cidadanía e para o desenvolvemento económico dos concellos. Entre as actuacións que se van executar de aquí a 2029 –co apoio de fondos europeos Feder– hai obras que actualmente están en marcha, unha que en breve se poderá licitar e outras en fase de tramitación ou de redacción do proxecto.

O obxectivo de todas elas será garantir a subministración de auga potable de forma segura, eficiente e con calidade mediante intervencións en estacións de tratamento e en depósitos de almacenamento xa que moitas destas infraestruturas municipais foron construídas hai décadas e, na actualidade, deben facer fronte a novas exixencias sanitarias, maiores demandas de consumo, episodios de seca, picos de demanda estacionais e problemas específicos que poden afectar a calidade da auga.

Esta situación fai necesario acometer obras e melloras que permitan modernizar as instalacións existentes, renovar os equipamentos, automatizar os procesos, mellorar a capacidade de tratamento e de depósito e reforzar a seguridade e a capacidade de regulación das plantas co fin de garantir que os concellos poidan prestar este servizo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as nove intervencións hidráulicas cuxa execución e posta en marcha está planificada para o período 2026-2029 destacan dúas que xa están actualmente en obras.

Unha delas é a ampliación da Estación de tratamento de auga potable de Padrón, case rematada e que aumentará a capacidade da planta, mellorará a recuperación de augas de lavado, incorporará tratamento de lodos e reforzará o control dos depósitos e da rede de distribución do sistema. Cun investimento de 10,8 M €, esta obra beneficiará A Barbanza xa que reforzará o abastecemento a 10 concellos da marxe dereita da ría de Arousa (Boiro, Dodro, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, Catoira, Pontecesures, Valga e Vilagarcía).

Ademais, está previsto que os traballos para a mellora do sistema de abastecemento de Ares, adxudicados por 4 millóns de euros, se inicien de inmediato, o que permitirá construír un novo depósito de regulación de 3.400 metros cúbicos e novas conducións de distribución para garantir unha presión axeitada da auga e a continuidade do servizo as 24 horas, dúas das principais demandas da veciñanza en períodos de máxima demanda.

Así mesmo, tras recibir a autorización do Consello da Xunta, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático xa está en disposición de asinar un convenio co Concello de Baiona para licitar canto antes a mellora da ETAP municipal. Cun investimento previsto de 2,7 millóns, esta intervención busca modernizar unha planta construída nos anos 90 que presenta problemas de calidade, así como necesidades de adaptación á normativa en materia de almacenamento de reactivos, instalacións eléctricas e seguridade industrial.

Nunha fase menos avanzada pero xa con orzamento comprometido atópanse os proxectos para intervir nas estacións de tratamento de auga potable de Frades (que está ao límite da súa capacidade e require unha intervención duns 600.000 €), Ordes (cunha instalación a piques de esgotar a súa vida útil e un investimento estimado en 1,8 M €) e Baralla (onde se fará unha actuación máis integral, que inclúe unha nova ETAP e cun orzamento previsto de 3,2 M €). Nos tres casos Augas de Galicia está a tramitar os correspondentes convenios para fixar os termos da colaboración cos concellos.

Por último, o organismo hidráulico está a pechar a redacción dos proxectos construtivos que permitirán optimizar os sistemas de abastecemento de Rábade, Castro de Rei e O Salnés. En Rábade, investiranse 500.000 € en mellorar a resposta da rede a episodios de turbidez; en Castro de Rei a actuación centrarase en garantir a calidade sanitaria da auga (1,3 M €), e no Salnés apóstase por ampliar a ETAP e executar un novo depósito de regulación para reforzar un sistema en que se duplica a demanda no verán (6,2 M €).

### **Colaboración cos concellos**

En conxunto, todas estas actuacións non responden a obras illadas senón a unha estratexia impulsada por Augas de Galicia para promover a modernización das

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

infraestruturas que fan posible o abastecemento de auga potable á cidadanía e ás empresas e que garanten o acceso a un servizo seguro, eficiente e de calidade.

Son obras, polo tanto, cun impacto directo sobre a calidade de vida das galegas e dos galegos, xa que aseguran a continuidade da subministración hídrica, minimizan os riscos para a saúde mediante a mellora da calidade da auga e reforzan a resiliencia e a capacidade de regulación dos sistemas municipais fronte ás novas demandas climáticas e sanitarias.

Por iso e aínda que os servizos de abastecemento, saneamento e depuración son competencia dos concellos, a Xunta leva anos prestando o seu apoio estratéxico e sostido ás entidades locais a través de Augas de Galicia, que complementa a execución de proxectos de infraestruturas hidráulicas de envergadura e de carácter estrutural como as sinaladas no informe elevado hoxe ante o Consello, con axudas económicas (cinco liñas xa convocadas para este ano, que suman un orzamento de 6,5 millóns de euros) e outras accións máis pequenas pero que resultan moi eficaces para avanzar neste eido.

Este apoio que ofrece o organismo hidráulico autonómico aos concellos resulta aínda máis importante nunha comunidade como a galega, caracterizada pola súa gran dispersión e que supera os 30.000 núcleos de poboación, máis da metade dos que hai en toda España, unha realidade que impide a moitas administracións locais afrontar por si soas os retos actuais en materia de infraestruturas hidráulicas, eficiencia, calidade da auga e cumprimento das exixencias normativas europeas e estatais.

De feito, este compromiso manterase en 2026 cun esforzo adicional para mellorar a xestión do ciclo integral da auga e un orzamento global de Augas de Galicia de 151,7 millóns de euros (un 5,5 % máis que en 2025), en que se inclúe unha dotación específica de 5,1 millóns que permitirá impulsar o paquete de actuacións plurianuais detallado anteriormente para mellorar o abastecemento nun total de 26 concellos galegos.

Deste xeito, este ano avanza nas obras que están xa en marcha e nos trámites pendentes para a formalización dos convenios cos municipios afectados e nos seguintes exercicios, licitaranse e executaranse o resto de traballos comprometidos, co obxectivo de completar todas as melloras no horizonte do ano 2029.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA SINALA QUE A FP GALEGA SUPERARÁ A BARREIRA DAS 50.000 PRAZAS DE NOVO INGRESO O VINDEIRO CURSO E INCORPORARÁ O PRIMEIRO DOBRE CICLO INTERNACIONAL DE ESPAÑA**

- O presidente apunta que “un ano máis volve ser un novo récord a oferta porque tamén sobe moito a demanda”, feito que enmarca na “revolución silenciosa que a Xunta de Galicia vén impulsando hai moito tempo” na formación profesional
- Ofértanse 1.080 prazas máis distribuídas nun total de 277 titulacións diferentes
- Amplíase o catálogo con 44 titulacións de nova implantación: un ciclo, catro másters, seis títulos de alta especialización e 33 formacións aceleradas
- Ademais do impulso cuantitativo, a Consellería de Educación afianza un impulso cualitativo cunha aposta pola especialización e a flexibilidade
- Destaca a implantación do “primeiro ciclo internacional de FP nun centro público de España” no IES Fernando Wirtz da Coruña
- A FP acelerada, pioneira e exclusiva de Galicia, medra case un 89 % ata acadar as 1.826 prazas en 83 grupos repartidos por toda a xeografía galega
- Ponse en marcha o primeiro itinerario integrado para “mitigar o abandono escolar, especialmente nas disciplinas de FP onde máis se produce”
- Tamén se reforzan as novas modalidades implantadas o curso pasado, como a FP básica adaptada, a FP básica para adultos e as aulas nómade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que a formación profesional galega supera a barreira das 50.000 prazas ao ofertarse un total de 50.244 prazas de novo ingreso (un 2,22 % máis cun incremento de 1.080 prazas) o vindeiro curso. Rueda apuntou que “un ano máis volve ser un novo récord a oferta porque tamén sobe moito a demanda”, feito que enmarcou na “revolución silenciosa que a Xunta de Galicia vén impulsando hai moito tempo” na formación profesional.

As prazas distribúense en en 277 ofertas diferentes (44 delas de nova implantación), entre os 159 ciclos (un novo) de grao básico, medio e superior, 33 másters (catro novos), 27 títulos de alta especialización (seis novos), 45 formacións aceleradas (34 delas de nova implantación) e 14 programas formativos.

A nova oferta, que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP presentou hoxe no Consello da Xunta, reflicte un crecemento cuantitativo sostido no tempo, que nos últimos catro anos foi do 33,41 %, ao tempo que afianza un impulso cualitativo cunha aposta sen precedentes pola calidade, a especialización, a flexibilidade e a internacionalización destas ensinanzas como un referente no conxunto do Estado.

**Primeira titulación internacional**

De feito, unha das novidades de cara ao vindeiro curso é, tal e como subliñou Rueda, a implantación do “primeiro ciclo internacional de FP nun centro público de España”, en concreto no Instituto Fernando Wirtz Suárez da Coruña. Este dobre ciclo internacional

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que combina o currículo galego co currículo británico corresponderase co ciclo superior de Desenvolvemento e Aplicacións Multiplataforma. Trátase dun proxecto piloto en que os alumnos que o escollan van obter unha titulación recoñecida internacionalmente de xeito directo en moitos países sen necesidade de someterse a un proceso de homologación.

Esta nova oferta, pioneira e inédita ata o de agora en España nun centro público, é posible grazas ao novo decreto galego de FP aprobado este ano, que é moito máis ambicioso que a normativa estatal ao establecer a posibilidade de deseñar títulos de carácter internacional a través da combinación de currículos de aplicación en Galicia con currículos doutros países.

### **Itinerarios integrados para frear o abandono escolar**

Precisamente, atendendo a un dos principais obxectivos do Plan FPGal360, un dos aspectos en que se fai máis fincapé é no reforzo das opcións para favorecer a permanencia do alumnado no sistema educativo e frear o abandono temperán.

Neste senso, outra das novidades da oferta deste vindeiro curso é a posta en marcha dun itinerario integrado entre un ciclo de grao básico e o ciclo de grao medio co obxectivo de "mitigar o abandono escolar, especialmente nas disciplinas de FP onde máis se produce". Farase, como experiencia piloto, cos ciclos de grao básico en Cociña e Restauración e grao medio en Cociña e Gastronomía ou en Servizos en Restauración no Centro Integrado de FP CIFP Compostela, en Santiago.

Así pois, os alumnos que se matriculen no mencionado grao básico terán asegurada a súa continuidade nos citados ciclos de grao medio de forma directa sen necesidade de realizar unha nova solicitude e entrar no proceso de selección, se for o caso. Trátase de darlles as máximas facilidades para que continúen os seus estudos, se así o desexan, en prol dunha maior e mellor cualificación profesional de cara ao seu futuro persoal e laboral.

### **Reforzo da FP acelerada, FP básica adaptada e para adultos**

A maiores destas novidades, a oferta de FP para o vindeiro curso vai ir consolidando outras novas vías formativas que arrancaron de xeito innovador o curso que agora remata, como son a FP acelerada, a FP básica adaptada e a FP básica para adultos.

No caso da FP acelerada, ofertaranse un total de 45 formacións aceleradas (este curso foron 18) con 1.826 prazas (un 88,64 % máis) en 83 grupos de formación distribuídos por distintos puntos da xeografía galega: A Coruña, Carballeda de Valdeorras, Cedeira, Culleredo, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Pereiro de Aguiar, Ourense, Pontedeume, Pontevedra, Ribadeo, Ribeira, Santiago de Compostela, Sanxenxo, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vilamarín. Céntrase especialmente en sectores como a hostalaría, a automoción, as enerxías renovables ou a carpintaría metálica, entre outros.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que esta modalidade é unha vía única e exclusiva de Galicia que consiste nunha formación concentrada nun período de entre catro e seis meses de duración que representa unha dobre vantaxe xa que lle proporcionará ás persoas unha formación rápida para o acceso ao mercado laboral e as empresas disporán de man de obra cualificada dun xeito áxil, sobre todo naqueles sectores onde hai máis demanda. As persoas que optan a esta modalidade reciben unha certificación profesional e, ademais, poderán validala para a obtención dun futuro título formativo.

### **Cualificación de colectivos vulnerables**

Tamén, ao abeiro do Plan FPGal360, se reforzan aquelas opcións formativas enfocadas a maximizar o éxito do alumnado, á inclusión e cualificación dos colectivos máis vulnerables e a loita contra o abandono escolar, como é o caso da FP básica adaptada e a FP básica para adultos.

A FP básica para adultos, enfocada en favorecer a capacitación profesional e a reinserción académica de persoas que no seu momento abandonaron o sistema, refórzase o vindeiro curso cun total de cinco ciclos e 144 prazas (+300 % con respecto a este curso).

A maiores dos dous que este ano se implantaron a modo de experiencia piloto e que se manteñen (Mantemento de Vehículos no CIFP Ferrolterra e Servizos Administrativos na EPAPU Berbés de Vigo), tamén se ofertan nesta modalidade os de Industrias Alimentarias no Instituto Sanxillao (Lugo), de Informática de Oficina no CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel (Ourense) e de Mantemento de Vivendas no IES Chan do Monte (Marín) e no IES Plurilingüe de Valga. Así mesmo, o xa implantado de Servizos Administrativos na EPAPU Berbés de Vigo tamén se ampliará ao CIFP Porta da Auga (Ribadeo) e á EPAPU de Ourense

A FP básica adaptada refórzase con 36 prazas (o dobre que as 18 deste ano) para o programa formativo de Comercio no Centro de Educación e Promoción de Adultos EPAPU Berbés de Vigo.

O rural galego amplía a súa oferta adaptada, con 8.487 prazas novas, un 3,12 % máis.

### **FP Dual Intensiva, másters e alta especialización**

Co obxectivo de ofrecer a máxima cualificación posible, a Xunta continúa apostando tamén polo resto de modalidades de formación, como é o caso da FP dual intensiva, que o vindeiro curso dispón de 6.582 prazas (+3,72 %)

No que atinxe aos másters, son 2.260 as prazas de novo ingreso (+3,10 %) repartidos en 99 grupos distribuídos por toda a xeografía galega.

Pola súa banda, os títulos de alta especialización suman 738 prazas en 27 títulos (seis deles de nova implantación) e 31 grupos. Cómpre lembrar que esta modalidade é unha formación especializada para dar resposta a demandas moi específicas das

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresas. Todos os detalles da oferta ao longo do territorio serán presentados nos vindeiros días.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PRESENTA A DEMANDA PARA RECLAMAR AO ESTADO A DOCUMENTACIÓN DE RESPOTA AO DITAME EUROPEO EN RELACIÓN COA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DA AP-9

- Rueda sinala que a presentación deste escrito é consecuencia da admisión a trámite do recurso contencioso-administrativo presentado pola Administración autonómica contra o Ministerio de Transportes, ante a negativa expresa de facilitar a resposta enviada a Europa sobre o citado ditame
- Reitera que a transferencia da AP-9 ten que ir acompañada dos recursos económicos necesarios para a súa xestión e manterse todos os compromisos adquiridos, tal e como constaba no acordo no Parlamento Galego

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta presenta o escrito de demanda para exixir a información que se remitiu á Comisión Europea en relación co ditame sobre a prórroga da concesión da AP-9. Este procedemento é consecuencia da admisión a trámite do recurso contencioso-administrativo presentado pola Xunta contra o Ministerio de Transportes, ante a negativa expresa a facilitar a resposta enviada a Europa sobre o citado ditame.

Tal e como sinalou o presidente, neste escrito de demanda presentado ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional reclámase a anulación da resolución que desestimaba o requirimento formulado pola Xunta de Galicia e, como consecuencia, que se recoñeza o dereito desta a obter o documento solicitado: a contestación do Goberno central ao ditame motivado emitido pola Comisión Europea.

#### **Proceso**

O Goberno galego iniciou este proceso xudicial en xaneiro. Así, o día 16, transcorridos mais de tres meses desde que solicitara a documentación sobre a contestación ao ditame da Comisión Europea sen resposta, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas formulou requirimento ao Ministerio, conforme o artigo 44 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, para que este remitise copia da documentación solicitada.

Posteriormente, o 17 de febreiro recibíuse a resolución do secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sostible, pola que se denegaba o citado requirimento. E, ante esa situación, o 26 de marzo interpúxose o correspondente recurso contencioso contra a resolución de denegación do requirimento.

Este recurso foi admitido a trámite pola Audiencia Nacional e, tras recadarse o expediente e efectuarse a citación dos posibles interesados, enviouse á Xunta de Galicia para a presentación do escrito de demanda.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O titular do Executivo galego reiterou a enorme transcendencia deste asunto, tendo en conta que a Comisión Europea advertiu da posibilidade de levar a España ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea “se non adopta as medidas axeitadas”. Por iso, a Xunta considera imprescindible coñecer con detalle a posición defendida polo Estado nunha cuestión que afecta directamente os intereses de Galicia.

### **Transferencia con recursos**

Rueda insistiu en que a solución na AP-9 pasa polo rescate e a transferencia da xestión da autoestrada defendendo que o traspaso “ten que ir acompañado dos recursos económicos necesarios” para a súa xestión e manterse todos os compromisos adquiridos, tal e como constaba no acordo “aprobado por unanimidade” no Parlamento Galego.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PON EN MARCHA O PROGRAMA PIONEIRO DE REHABILITACIÓN FUNCIONAL DOMICILIARIA EN PACIENTES PEDIÁTRICOS CON ENFERMIDADES RARAS**

- O programa foi elaborado durante cinco meses por un grupo de máis de 25 profesionais do Servizo Galego de Saúde e enmárcase na Estratexia galega de enfermidades raras 2025-2030 da Xunta
- A Consellería de Sanidade prestará a terapia de rehabilitación domiciliar prescrista a través da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, Fegerec
- O modelo proposto pretende establecer un marco común de actuación que garanta a equidade, a calidade e a eficiencia na atención rehabilitadora deste colectivo
- A selección dos pacientes pediátricos beneficiarios do programa será realizada polos servizos de Medicina Física e Rehabilitación de referencia en cada área sanitaria
- A intervención terapéutica poderá levarse a cabo en tres modalidades, presencial, mediante telemedicina ou de forma combinada, en función das necesidades específicas de cada paciente
- Teranse en consideración as limitacións funcionais significativas e/ou a alta dependencia, así como o estado de fragilidade médica con risco incrementado asociado á exposición a ámbitos sanitarios
- Os profesionais de traballo social de referencia para o programa valorarán como criterios de inclusión a dificultade de desprazamento ao centro rehabilitador, a residencia no ámbito rural ou a dispoñibilidade de soporte familiar ou cuidador
- Aos beneficiarios do programa, que se porá en marcha de forma progresiva, prescribiráselles unha intervención dunha duración de 12 semanas

O Consello da Xunta abordou, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade en que se dá conta da posta en marcha, desde o 1 de xuño, do programa pioneiro de rehabilitación funcional domiciliar en pacientes pediátricos con enfermidades raras. Esta iniciativa forma parte do desenvolvemento da Estratexia galega en enfermidades raras 2025-2030 do Goberno galego, que prevé un investimento de case 400 millóns de euros.

O obxectivo desta iniciativa do Executivo autonómico é implantar un programa integral de rehabilitación domiciliar con incorporación de ferramentas de telemedicina que permita ofrecer unha atención personalizada e adaptada á situación funcional e sociodemográfica do paciente.

O programa foi elaborado, durante cinco meses, por un grupo de máis de 25 profesionais do Servizo Galego de Saúde, entre os que se encontran facultativos especialistas en rehabilitación e traballadores sociais das sete áreas sanitarias, así como profesionais representantes da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O modelo proposto pretende establecer un marco común de actuación que garanta a equidade, a calidade e a eficiencia na atención rehabilitadora deste colectivo, optimizando os recursos dispoñibles e incorporando a innovación tecnolóxica como ferramenta facilitadora.

A poboación albo serán os pacientes menores de 15 anos con diagnóstico ou sospeita dunha enfermidade rara, en seguimento polo servizo de rehabilitación de referencia do Servizo Galego de Saúde.

Entre os obxectivos específicos recollidos no programa están proporcionar aos pacientes, no seu domicilio, a rehabilitación funcional prescrita polo facultativo especialista en Medicina Física e Rehabilitación de referencia do Servizo Galego de Saúde. Ademais, preténdese promover a autonomía do paciente nas actividades da vida diaria. Outros obxectivos son mellorar a calidade de vida do doente e potenciar a formación do cuidador principal.

A rehabilitación funcional comprenderá as prestacións de fisioterapia, terapia ocupacional e logopedia.

### **Criterios de inclusión**

Respecto dos criterios clínicos e funcionais para a selección dos pacientes pediátricos beneficiarios do programa, os médicos rehabilitadores de referencia do Servizo Galego de Saúde para o programa avaliarán os indicadores consensuados.

Teranse en consideración as limitacións funcionais significativas e/ou a alta dependencia, así como o estado de fragilidade médica cun risco incrementado asociado á exposición a ámbitos sanitarios, por exemplo inmunodeficiencia ou oxigenoterapia domiciliaria, cando estas circunstancias imposibiliten a asistencia presencial ao centro asignado para o tratamento rehabilitador.

Os pacientes deberán presentar estabilidade clínica que permita a intervención domiciliaria, incluíndo a posibilidade de telemedicina no marco do programa.

No que atinxe aos criterios de inclusión sociodemográficos, familiares e da contorna, os profesionais de traballo social de referencia para o programa valorarán a dificultade de desprazamento ao centro rehabilitador, a residencia no ámbito rural, a dispoñibilidade de soporte familiar ou cuidador e a presenza dunha persoa interlocutora válida, ademais das condicións do domicilio e o acceso a recursos tecnolóxicos necesarios para as consultas de telemedicina.

Os médicos rehabilitadores informarán individualmente as familias dos pacientes pediátricos en seguimento por diagnóstico ou sospeita de enfermidade rara sobre o programa, invitándoos a participar nel, explicándolles as obrigas e compromisos, así como os beneficios asociados á intervención domiciliaria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A selección dos pacientes pediátricos será realizada polos servizos de Medicina Física e Rehabilitación de referencia en cada área sanitaria, sobre a base do cumprimento dos criterios de valoración clínica e social.

A intervención terapéutica poderá levarse a cabo en tres modalidades: presencial, mediante telemedicina ou de forma combinada, en función das necesidades específicas de cada paciente. A telemedicina poderá empregarse tanto no caso de terapia rehabilitadora (tele-rehabilitación), como en consultas clínicas de seguimento (tele-consulta).

Inicialmente, prescribírase unha intervención dunha duración de 12 semanas. A frecuencia das sesións establecerase de maneira individualizada e flexible, en función das necesidades específicas de cada paciente e dos obxectivos terapéuticos programados.

O médico rehabilitador designado como referente en cada área sanitaria será o responsable de tramitar todas as solicitudes co seu ámbito xeográfico.

A terapia de rehabilitación domiciliar prescrite será prestada a través da Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec). Para este fin, a Consellería de Sanidade asinou un convenio de colaboración con esta entidade, en que se establecen as condicións da prestación do servizo.

Os terapeutas responsables da execución da prestación prescrite polo médico rehabilitador do Sergas realizarán unha valoración inicial do paciente no domicilio. A información obtida terá como finalidade revisar e, se procede, adaptar os obxectivos terapéuticos inicialmente establecidos.

Ao finalizar a intervención das 12 semanas, realizarase unha avaliación da actuación terapéutica, telemática ou presencial, co propósito de revisar os obxectivos e analizar os resultados acadados. Este programa porase en marcha de maneira progresiva.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA OS FORMATOS DIXITAIS NO MARCO DAS SÚAS ESTRATEXIAS DE FOMENTO DA LECTURA

- O consello analiza un informe en que se destaca a actividade da plataforma de préstamo GaliciaLe que aumentou os usuarios nun 98,4 % entre 2024 e 2025
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude tamén facilitou coas súas liñas de axuda a edición de 33 audiolibros de títulos galegos actuais e 14 clásicos
- Ademais, traballa para que a Librería Institucional do Executivo autonómico ofrezca máis publicacións en liña
- O Goberno galego dá resposta así a uns hábitos lectores en expansión, xa que na Comunidade o 88,4 % dos maiores de 14 anos len en medios electrónicos

Ler en formato dixital é unha práctica en plena expansión que centra tamén as estratexias que se levan a cabo desde a Xunta de Galicia para fomentar a lectura, adoptando medidas para acompañar esta tendencia. Neste marco, hoxe analizouse no Consello un informe que recolle as liñas de actuación da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para adaptarse a estes novos hábitos, como é o impulso da plataforma *GaliciaLe* ou o apoio á edición de audiolibros.

O Goberno galego responde así a uns índices que indican que en Galicia o 88,4 % dos lectores de máis de 14 anos len en dixital, un 0,1 % superior á media de España, e que un 27,9 % da poboación le libros neste formato. Así mesmo, as estatísticas reflicten que os lectores galegos que len só en dixital consumiron 8,3 libros en 2025.

Neste senso, e co obxectivo de seguir favorecendo a lectura a través dos medios tecnolóxicos, cómpre destacar os avances do Executivo autonómico desde a posta en marcha da plataforma de préstamo dixital das bibliotecas públicas galegas, *GaliciaLe*, en 2014. Actualmente, este sistema, que facilita o acceso á cultura a toda a cidadanía, conta con 15.721 títulos no formato de libro electrónico, 2.800 deles en galego; 1.184 audiolibros; 557 películas e 51 revistas.

Ademais, entre 2022 e 2025 o número de préstamos a través desta aplicación medrou un 96,4 % (dos 138.658 aos 272.340) e o de usuarios activos un 98,4 % (dos 13.650 aos 27.085). A este crecemento hai que sumarlle a creación de *GaliciaLe+*, un paso cara á internacionalización que permite levar a lectura en galego a persoas residentes fóra do territorio, con 319 persoas usuarias noutras Comunidades e 180 repartidas en 40 países, sobre todo na Arxentina e Brasil.

Desde a Consellería de Cultura trabállase para que a plataforma continúe a medrar de maneira que estenda a lectura aos sectores sociais que non son usuarios habituais dos servizos presenciais das bibliotecas; funcione como escaparate da produción audiovisual galega e en galego, dinamice o comercio do libro electrónico en Galicia e aumente a diversidade de contidos e soportes nas coleccións das bibliotecas públicas.

A esta aposta hai que sumarlle a entrada en funcionamento en 2024 da aplicación móbil da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, que dá acceso ao catálogo de *GaliciaLe*, unha

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das súas principais utilidades, ademais dar acceso a calquera servizo dispoñible tamén coa tarxeta física.

### **Apoio ao audiolibro en galego**

Outra das grandes tendencias no sector do libro e da lectura en que tamén pon o foco a Xunta a través das dúas políticas neste ámbito é o audiolibro. Así, os oíntes en Galicia representan o 8,4 % da poboación, de maneira que o 5,9 % le neste formato cunha frecuencia semanal e a media dos que len así en galego é do 20,6 %.

Ante esta situación, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude vén apostando desde hai tempo por incrementar a presenza de audiolibros en galego no mercado activando liñas de axuda para promover proxectos de produción neste eido. Trátase dunha iniciativa que inclúe a conversión de obras da literatura galega clásicas e actuais ao formato audiolibro e a creación de versións neste sistema dos títulos do Premio Nortear en galego e portugués. Todo isto co obxectivo de que estean ao dispor do público a través das principais plataformas de venda de libros dixitais e tamén en *GaliciaLe*.

Como resultado destas liñas producíronse no bienio 2024-2025 un total de 33 audiolibros en galego cun investimento de 135.000 €. Ademais, destacan os 14 títulos electrónicos que foron posibles a través da contratación directa de obras clásicas da literatura galega e os sete xurdidos dos Premios Nortear na edición do ano pasado.

Por outro lado, a Librería Institucional da Xunta supón un recurso importante para potenciar o uso das publicacións en liña en que nos últimos anos se está a traballar, de maneira que entre 2024 e 2025 se incrementaron as descargas nun 52,6 %. Deste xeito, preténdese continuar nunha senda que lle dea un peso importante a este tipo de publicacións que historicamente se produciron en papel.

Cómpre destacar ao respecto que o reto do Executivo autonómico é que o 100 % das publicacións que non están destinadas á venda poidan estar dispoñibles para a cidadanía en formato electrónico para facilitar o acceso ao coñecemento. As áreas que lideran a edición institucional son as de Sanidade e a de Cultura. No primeiro caso trátase de escritos de carácter non venal con gran valor informativo para a sociedade que se editan nun 61 % exclusivamente en liña. No caso das publicacións de Cultura edítanse en formato electrónico arredor do 32 %.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO ANTEPROXECTO DO DECRETO DOS ITINERARIOS CULTURAIS DE INTERESE AUTONÓMICO PARA REGULAR A SÚA CREACIÓN E PROTECCIÓN

- O Goberno galego informa no Consello deste procedemento que ten por obxecto contar este ano coa normativa que fixe os criterios para outorgar esta categoría
- Este recoñecemento implicará apoios das administracións públicas de cara á súa preservación e divulgación
- O propósito é recoñecer as rutas que, a través da súa historia, tradición e patrimonio, teñen unha especial relevancia na difusión da nosa cultura e identidade
- Prevese a creación dunha rede, xestionada polo Executivo autonómico, que posibilitará a difusión conxunta destas novas figuras
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dá resposta ás demandas de concellos, asociacións e entidades esforzadas en dar a coñecer estes espazos singulares

O Goberno galego está xa a traballar na tramitación do anteproxecto de decreto regulador dos itinerarios culturais de interese autonómico, co obxecto de contar neste ano coa normativa que estableza os criterios que rexan a súa creación, ao tempo que determine as súas medidas de protección, divulgación e apoio. Isto vai permitir que estas novas figuras sexan obxecto de especial atención por parte das administracións públicas á hora de planificar programacións culturais, convocar axudas e deseñar medidas de posta en valor.

Así se informou hoxe no Consello da Xunta, en que se deu conta dos pasos que está a dar a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude de cara a regular estes itinerarios que dispoñen dos requisitos para acadar apoio das administracións, pola súa especial relevancia para a difusión da nosa cultura e identidade en todo o territorio.

Cómpre aclarar que se trata de rutas que, a través da historia, tradición e patrimonio, promoven e divulgan a cultura, o desenvolvemento sustentable e a cohesión en diferentes puntos do territorio, especialmente en aqueles que se atopan en risco de exclusión cultural polas súas condicións xeográficas e sociais.

#### **Primeiros trámites: consulta previa e criterios de creación**

Neste primeiros pasos da tramitación do anteproxecto de decreto, o departamento de Cultura do Goberno galego xa levou a cabo, entre o 7 e o 22 de abril, unha consulta pública previa no Portal de transparencia da Xunta, que permitiu a incorporación de achegas. En todo caso, o texto volverá someterse a unha nova apertura para facilitar suxestións. Ao mesmo tempo, estanse a solicitar os distintos informes sectoriais preceptivos necesarios neste tipo de procedementos legislativos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De igual xeito, para o avance da creación destas novas figuras, o documento legislativo está a fixar a definición do itinerarios culturais de interese autonómico. Así, establece que están concibidos como instrumentos de promoción cultural e, como tales, poden responder tanto a unha configuración territorial como a unha definición temática ou conceptual. Consecuentemente, non é necesaria a continuidade física entre os elementos e bens culturais que os integren.

En canto á proposta para que unha ruta sexa recoñecida con esta categoría, o anteproxecto recolle a posibilidade de que a petición proveña a través dunha ou varias entidades, tanto locais como xurídicas de carácter privado. En todo caso, para candidatala a este recoñecemento deberase xustificar a relevancia cultural, natural, histórica e etnográfica do itinerario proposto. Ademais, teranse que identificar os concellos que forman parte deste e incluír a relación e descrición dos bens, prácticas ou manifestacións naturais e culturais, materiais e inmateriais vencelladas á ruta.

### **Vantaxes da declaración e rede de itinerarios**

A declaración de itinerario cultural de interese autonómico levará consigo o recoñecemento do seu interese cultural, a promoción do seu uso público e a preferencia no acceso ás liñas de fomento que poida establecer a Administración autonómica destinadas á súa consolidación, mantemento e dinamización, a través de actividades culturais e artísticas vencelladas a estas rutas.

Na súa regulación, o anteproxecto de decreto tamén recolle medidas específicas de divulgación e apoio entre as cales se atopa a creación dunha rede de itinerarios culturais de interese autonómico, a través da cal se garantirá a difusión dos recoñecidos con esta nova figura.

A incorporación á rede, de carácter público, xestionada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, facilitará información sobre as entidades promotoras, os concellos polos que discorre cada itinerario, as manifestacións culturais e naturais conectadas polo percorrido, a súa significación cultural e as actividades que se desenvolven.

### **Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia**

A creación desta nova figura dá resposta ás demandas destas asociacións e entidades vencelladas con estas rutas, ao igual que a dos concellos por onde transcorren vías afectadas por este novo recoñecemento. Destacar, ao respecto, que antes do inicio da tramitación do anteproxecto, todos eles tiveron información de primeira man sobre a creación desta categoría a través de reunións co equipo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A posta en marcha dos itinerarios culturais é posible tras a modificación da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia feita a través da Lei de acompañamento aos orzamentos 2026. Trátase duns cambios cos cales o Executivo autonómico deu sustento

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

legal á posta en marcha desta nova categoría que agora se desenvolverá a través do futuro decreto.